



## TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

**Nome do plan:** Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento no ámbito de Leitón-Cidadelle, Redondela

**Promotor:** Concello de Redondela

**Órgano substantivo:** Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

**Expediente:** 2018AAE2188

**Código web:** 2067/2018

O día 5/4/2018 recibíuse na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un escrito do Concello de Redondela no que solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento no ámbito de Leitón-Cidadelle, Redondela*. Achegaba a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan.

Unha vez avaliada a documentación presentada e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 A modificación puntual de normas subsidiarias de planeamento debe someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada en virtude do disposto nos artigos 46.2.a) e 83.5 da Lei 2/2016.
- 3 A mesma Lei 2/2016 establece que o órgano ambiental, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico, consultará as administracións públicas afectadas (entre elas o órgano competente en materia de urbanismo) e as persoas interesadas por un prazo de dous meses.
- 4 Esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá, ao abeiro do artigo 83.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O apartado 4 do mesmo artigo 83 faculta ás administracións para establecer outras formas, medios e canles de participación dos cidadáns no procedemento no que se ditan os actos administrativos
- 5 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático é o órgano ambiental competente para tramitar os procedementos administrativos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da actual Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

ACÓRDASE:

**Someter a consulta pública** na sede electrónica deste órgano ambiental por un **prazo de 2 meses** o documento ambiental estratéxico e o borrador da *Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento no ámbito de Leitón-Cidadelle, Redondela*, con carácter previo á emisión do informe ambiental estratéxico.



No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o planeamento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na sede electrónica deste órgano ambiental (<http://www.cmaot.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: [avaliacion.ambiental.estraxica@xunta.gal](mailto:avaliacion.ambiental.estraxica@xunta.gal)
- Mediante fax remitido ao número 981 541 048.
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na sede electrónica ([http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT\\_Avaliacion\\_ambiental](http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental)) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018